A PRESIDENTA DO PARLAMENTO RECIBE A UN GRUPO DE ALUMNOS DA FACULTADE DE POLÍTICAS DE VIGO

Santiago, 7 de maio de 2009.- A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo Noguera, recibiu este mediodía no seu despacho da Cámara, a un grupo de alumnos da Facultade de Ciencias Políticas da Universidade de Vigo, que visitaron o Pazo do Hórreo no marco das actividades formativas organizadas por esa institución académica.

Logo de coñecer as dependencias da Cámara e manter un encontro, na Sala de Plenos, con representantes dos tres grupos parlamentarios, Pilar Rojo convidou aos visitantes a coñecer o seu despacho, onde lles explicou algúns dos seus obxectivos para a VIII lexislatura que vén de comezar.

Rojo Noguera pretende impulsar o respecto pola pluralidade política, ao tempo que aspira a converter ao Parlamento nun escenario de consenso no que se podan articular acordos que contribúan a superar a intensa crise económica que padece Galicia neste momento.

A presidenta da Cámara galega animou aos estudantes a coñecer o funcionamento do Parlamento e convidounos a ter un papel activo na vida política, na que "calquera de vós" pode chegar a ser deputado e mesmo a presidir o lexislativo.